

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 13 DE DECEMBRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón que cese Marta Míguez Telle como secretaria xeral para o Deporte
- Decreto polo que se nomea secretario xeral para o Deporte a José Ramón Lete Lasa

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Proxecto de decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2018 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

---

## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o anticipo do 80%, na convocatoria para 2019 das subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade Federal da Bahia (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 € euros).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o encargo a Tecnologías y Servicios Agrarios SA, SME, MP (TRAGSATEC) para a realización dos Programas de Sanidade e Producción Animal en Galicia durante o ano 2019, por un importe total de sete millóns cincocentos catro mil seiscentos un euros con vinte e dous céntimos (7.504.601,22 €).

---

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das actuacións extraordinarias non programadas de conservación fluvial nas áreas con risco potencial significativo de inundación “Rego da Cova (ES014LU-17-01-01)” e “Rego de Trasposta (ES014LU-17-01-02)”, concello de Viveiro (Lugo), por importe total de cen mil euros (100.000 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia da obra de limpeza das canalizacións de augas pluviais en Viveiro de CLAVE LU/18/209.02, por importe total de vinte e tres mil cento vinte e catro euros con vinte e un céntimos (23.124,21 €).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de axudas vinculada ao bono eléctrico galego.
- Informe sobre as convocatorias de axudas, por anticipado de gasto, para impulsar o emprego nos concellos galegos.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ RAMÓN LETE LASA SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE**

- *Lete Lasa é licenciado en Dereito, en Psicoloxía e en Filosofía e Ciencias da Educación*
- *Desempeñou diversos cargos na Administración autonómica galega e na madrileña e desde 2016 desempeñou o seu labor profesional como presidente do Consello Superior de Deportes*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a José Ramón Lete Lasa como secretario xeral para o Deporte, logo do cesamento de Marta Míguez Telle no mesmo cargo.

Licenciado en Dereito, en Psicoloxía e en Filosofía e Ciencias da Educación, cursou diversos masters de especialización, como o *Business Administration* da Universidade de California do Sur, o Máster sobre a Unión Europea, das universidades de Santiago de Compostela e Vigo e o Centro Europeo Atlántico, e o Máster en Xestión Pública da UNED.

José Ramón Lete Lasa pertence ao Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia. Desde 1978 a 1990 formou parte como profesional do baloncesto dos equipos Estudiantes de Madrid, CAI de Zaragoza, Breogán de Lugo, Obradoiro de Santiago e o Bosco de Vigo.

Ao longo da súa traxectoria profesional, ocupou os postos de xefe do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, secretario provincial do Servizo de Saúde de Pontevedra en Vigo da Consellería de Sanidade, inspector de servizos da Consellería de Presidencia e Administración Pública, director xeral da Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas do Ministerio da Presidencia, director xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, subdirector xeral de Promoción Deportiva da Consellería de Cultura e Deportes da Comunidade de Madrid e director xeral de Deportes da Comunidade de Madrid. De 2009 a 2016 desempeñou o cargo de secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e desde o 2016 ata o 2018 desenvolveu o seu labor profesional como presidente do Consello Superior de Deportes.

## A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA PARA 2018 MEDRA ATA AS 2.225 PRAZAS, O TRIPLO QUE EN 2017

- *O Goberno galego esgota un ano máis a taxa de reposición que marca o Estado*
- *Do total de prazas, 1.448 son de acceso libre e unha parte delas pode ofertarse grazas aos procesos de estabilización e de consolidación*
- *No eido das consellerías a Xunta oferta 204 prazas de auxiliares e 217 de subalterno*
- *O servizo de extinción reforzarase con 70 novas prazas de bombeiros forestais*
- *No eido social, ofértanse 165 prazas de auxiliares de clínica, 55 de psicólogos, 51 de educadores sociais e 36 de traballadores sociais*
- *Tamén se inclúen 200 prazas para a promoción interna do persoal funcionario*
- *Outras 577 prazas resérvanse para o primeiro proceso xeral de funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta, un fito na historia da función pública galega*
- *Con esta oferta, que foi aprobada co voto a favor dos sindicatos CC.OO. e UGT, a Xunta cumpre xa máis da metade das 15.000 prazas comprometidas no Plan de Estabilidade ata 2020*
- *A reserva para a discapacidade en prazas de acceso libre é do 9,4%, por riba do 7% que establece a lei*

A oferta de emprego público da Administración xeral da Xunta de Galicia para o ano 2018 disporá dun total de 2.225 prazas, o que supón esgotar un ano máis a taxa de reposición que permite o Estado neste ano e, ademais, triplicar a cifra de prazas ofertadas no pasado exercicio, segundo establece o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta e que será publicado nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

O aumento de prazas ofertadas é consecuencia da recuperación económica e tamén dos acordos acadados coas organizacións sindicais, e ten un dobre obxectivo: garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida opositar para traballar na Xunta de Galicia, e garantir o dereito á promoción profesional dos empregados públicos que xa están traballando na Administración galega.

A oferta de emprego público no eido da Administración xeral para 2018, aprobada hoxe, súmase ás ofertas de emprego no eido sanitario –aprobada a semana pasada no Consello da Xunta– e no eido educativo, que xa foi aprobada e executada no período habitual, antes do inicio do curso escolar. En total, o número de prazas ofertadas este ano pola Xunta de Galicia chega a 5.736 prazas, o que supón a cifra máis alta desde o ano 2008.

Do total de prazas na Administración Xeral, 1.448 son de acceso libre – polo tanto, abertas a persoas que queiran traballar na Xunta –, mentres que as 777 restantes están reservadas para a promoción interna do persoal da Xunta de Galicia, incluíndo neste apartado o primeiro proceso xeral de funcionarización do persoal laboral fixo que se fai na Administración galega.

Dentro do acceso libre, as novas prazas permitirán reforzar eidos de actuación prioritarios na Xunta de Galicia como os servizos sociais, a loita contra a fraude fiscal, o servizo de extinción e prevención de incendios, o asesoramento xurídico ou os servizos xerais e de administración.

Por exemplo, a oferta de emprego aprobada hoxe inclúe 204 prazas de auxiliares (C2); 217 de persoal subalterno; 70 no servizo de prevención de incendios, na escala de bombeiro forestal (C2); 165 de auxiliares de clínica (C2); 55 de psicólogos (A1); 51 de educadores sociais (A2); ou 36 prazas de traballadores sociais (A2).

### **Máis estabilidade no emprego público**

Dentro das prazas de acceso libre, unha parte -946 prazas- pode ofertarse grazas ao proceso de estabilización do emprego temporal, cumprindo os acordos existentes sobre o Plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos, asinado coas organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSIF.

En concreto, a oferta de emprego público para 2018 inclúe prazas para a estabilización do emprego temporal, incorporando prazas que responden a necesidades estruturais, dotadas orzamentariamente e ocupadas de forma temporal e ininterrompida nos tres anos anteriores en 31 de decembro de 2017. Tamén se incorporan prazas para a consolidación de emprego temporal, sendo tamén prazas de carácter estrutural, dotadas orzamentariamente e desempeñadas interinamente con anterioridade a xaneiro de 2005, como establece o Estatuto básico do empregado público de 2015.

O obxectivo da Xunta é situar a taxa de cobertura temporal no 7%, un obxectivo máis ambicioso que no conxunto do Estado. Os procesos de consolidación e estabilización que se convoquen faranse polo sistema de concurso-oposición a través dos correspondentes procesos selectivos que deberán garantir a aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, respectando a libre concorrencia.

### **Promoción interna e funcionarización**

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 200 prazas para a promoción interna de persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son

funcionarios e que poden acadar un ascenso a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

Ademais, como novidade este ano, inclúense outras 577 prazas para o proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo. Hai que ter en conta que este será o primeiro proceso global de funcionarización que desenvolve a Administración galega en toda a súa historia, un proceso previsto na Lei de emprego público de 2015 e que foi pactado entre a Administración e os sindicatos en diversos acordos.

Con esta oferta de emprego público, que recibiu o voto favorable dos sindicatos UGT e CC.OO., a Xunta de Galicia ten ofertado xa máis da metade das 15.000 prazas comprometidas no Plan de estabilidade no emprego público para o período 2017-2020, asinado entre a Administración autonómica e as organizacións sindicais.

### **Discapacidade**

A reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada o 9,37% nas prazas de acceso libre, e unha parte delas será para o acceso de persoas con discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7% para facilitar o acceso da discapacidade á función pública.

### **Personal funcionario en sanidade**

Ademais do decreto de oferta de emprego público da Administración xeral, o Consello da Xunta tamén deu luz verde a outro decreto de oferta de emprego público para persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989), cun total de 61 prazas, das cales 7 corresponden á taxa ordinaria de reposición de efectivos e 54 á taxa adicional para a estabilización de emprego temporal no sector da saúde pública e administración sanitaria.

Entre as clases que serán obxecto de oferta destacan as de inspectores médicos, inspectores farmacéuticos ou farmacéuticos inspectores de saúde pública.

**1. ACCESO LIBRE**

| <b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>                         | <b>TOTAL PRAZAS</b> |
|-----------------------------------------------------|---------------------|
| Corpo superior (A1)                                 | 74                  |
| Escala de letrados (A1)                             | 4                   |
| Escala superior de finanzas (A1)                    | 5                   |
| Escala de sistemas e tecnoloxía da información (A1) | 1                   |
| Corpo de xestión (A2)                               | 30                  |
| Escala técnica de finanzas (A2)                     | 18                  |
| Escala técnica de estatísticos (A2)                 | 2                   |
| Escala de xestión de sistema de informática (A2)    | 7                   |
| Corpo administrativo (C1)                           | 31                  |
| Escala técnica auxiliar de informática (C1)         | 20                  |
| Corpo auxiliar (C2)                                 | 204                 |
| Persoal funcionario subalterno                      | 217                 |
| <b>TOTAL ADM. XERAL</b>                             | <b>613</b>          |

| <b>ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>                                             | <b>TOTAL PRAZAS</b> |
|----------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Escala de arquitectos (A1)                                                 | 10                  |
| Escala de enxeñeiros (A1)                                                  | 29                  |
| Escala de ciencias (A1)                                                    | 34                  |
| Escala de veterinarios (A1)                                                | 38                  |
| Escala de inspección urbanística (A1)                                      | 7                   |
| Escala de facultativos de servizos sociais (A1) - medicina                 | 37                  |
| Escala de facultativos de servizos sociais (A1) - psicoloxía               | 55                  |
| Escala de profesores num. de inst. polit. marítimo-pesqueiros (A1)         | 40                  |
| Escala de arquitectos técnicos (A2)                                        | 15                  |
| Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos (A1)              | 2                   |
| Escala de enxeñeiros técnicos (A2)                                         | 85                  |
| Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2) – educadores      | 51                  |
| Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2) – traballo social | 36                  |
| Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2) – enfermaría      | 34                  |
| Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2) – fisioterapia    | 10                  |
| Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2) – terapia ocup.   | 33                  |
| Escala de mestres de taller de institutos polit.marítimo-pesqueiros (A2)   | 2                   |
| Escala de axentes do servizo de gardacostas (subgrupo C1)                  | 10                  |
| Escala de auxiliares de clínica (C2)                                       | 165                 |
| Servizo de prev. e defensa contra incendios (C2) – bombeiro forestal       | 70                  |



|                            |            |
|----------------------------|------------|
| <b>TOTAL ADM. ESPECIAL</b> | <b>763</b> |
|----------------------------|------------|

| <b>PERSOAL LABORAL</b>       | <b>TOTAL PRAZAS</b> |
|------------------------------|---------------------|
| Grupo I                      | 15                  |
| Grupo II                     | 10                  |
| Grupo III                    | 8                   |
| Grupo IV                     | 37                  |
| Grupo V                      | 2                   |
| <b>TOTAL PERSOAL LABORAL</b> | <b>72</b>           |

## 2. PROMOCIÓN INTERNA – PERSOAL FUNCIONARIO

| <b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>                    | <b>TOTAL PRAZAS</b> |
|------------------------------------------------|---------------------|
| Corpo superior (A1)                            | 20                  |
| Corpo de xestión (A2)                          | 60                  |
| Corpo administrativo (C1)                      | 95                  |
| Corpo auxiliar (C2)                            | 25                  |
| <b>TOTAL PROM. INTERNA – PERS. FUNCIONARIO</b> | <b>200</b>          |

## 3. FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO

| <b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>                              | <b>TOTAL PRAZAS</b> |
|----------------------------------------------------------|---------------------|
| Corpo superior (A1)                                      | 56                  |
| Corpo de xestión (A2)                                    | 13                  |
| Corpo administrativo (C1)                                | 64                  |
| Corpo auxiliar (C2)                                      | 169                 |
| Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno | 230                 |
| Escala de xestión de sistema de informática (A2)         | 9                   |
| Escala técnica auxiliar de informática (C1)              | 36                  |
| <b>TOTAL FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO</b>    | <b>577</b>          |

## O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- *As materias de lingua, Xacobeo e patrimonio cultural tamén quedan encadradas neste novo departamento que acrecentará as sinerxías entre as políticas públicas nos sectores cultural e turístico*
- *Como principais novidades está a creación dunha Subdirección Xeral de Innovación e Coordinación Administrativa, dependente da Secretaría Xeral Técnica, dun Servizo de Inventarío, dependente de Patrimonio Cultural, e do Consello Asesor do CGAC*
- *O Servizo de Museos sae do ámbito patrimonial para pasar a integrarse dentro da Dirección Xeral de Políticas Culturais*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, tras a modificación da estrutura orgánica do Goberno autonómico, que determinou a creación do devandito departamento. Refórzanse así dúas áreas clave na identidade e no desenvolvemento económico de Galicia, acrecentando as sinerxías entre as respectivas políticas sectoriais.

Deste xeito, refúndense nunha única carteira atribucións, facultades, competencias e funcións que até ese momento viñan exercendo tanto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como a Axencia Turismo de Galicia. A nova Consellería integra, ademais da materia turística, os órganos con competencias nos eidos da promoción da cultura e do patrimonio cultural, e aqueles relacionados coa defensa e promoción da lingua galega.

O impulso dos sectores culturais e turístico como factores fundamentais do desenvolvemento social e económico de Galicia e a súa cohesión social constitúe o eixo para a planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas da nova Consellería. Un enfoque sistémico que ten como obxectivo afrontar os retos actuais de crecemento e benestar.

Esta integración incidirá no aumento das oportunidades e unha configuración de marca-país que permita estar en disposición de afrontar os grandes retos dos próximos anos, con mención específica para a celebración do Xacobeo 2021.

### **Modificacións en prol da eficiencia**

Como novidades, dentro da Secretaría Xeral Técnica créase unha Subdirección Xeral de Innovación e Coordinación Administrativa, que se dota cun Servizo de Innovación e Formación, de funcionamento transversal para o conxunto da Consellería. Este servizo impulsará liñas de actuación vinculadas ao emprendemento, a inclusión, a

---

sustentabilidade, o ámbito dixital e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, avanzando cara a unha proxección global da sociedade galega.

No eido do patrimonio culturalponse en marcha o Servizo de Inventario, pasando o Servizo de Museos a formar parte da Dirección Xeral de Políticas Culturais, neste caso, dentro da Subdirección Xeral de Arquivos, que cambia a súa denominación pola de Subdirección Xeral de Arquivos e Museos. Na antedita dirección xeral, tamén cambia a súa denominación a Subdirección Xeral de Bibliotecas, que pasa a ser a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro.

A fin de impulsar o traballo desenvolto no Centro Galego de Arte Contemporánea, impúlsase o Consello Asesor do CGAC, órgano colexiado de consulta e asesoramento nos asuntos relacionados coas competencias do Centro e de participación dos axentes socioeconómicos relacionados co desenvolvemento da arte contemporánea e da cultura en xeral de Galicia. Finalmente, como adoita ser normal nestes casos, créanse as xefaturas territoriais de Cultura para o correcto desenvolvemento territorial do novo departamento.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA**

- *As axudas están dirixidas a subvencionar proxectos coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración social e laboral*
- *Contan cun orzamento para o ano que vén de 450.000 euros, e o importe máximo de cada axuda será de 70.000 euros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia. Contan cun orzamento para o ano que vén de 450.000 euros, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

As axudas están dirixidas a subvencionar proxectos de atención integral coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración social e laboral a través de accións de atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais, para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos; asesoramento social e actuacións de apoio directo; atención psicolóxica; asesoramento xurídico; orientación e asesoramento laboral e atención e asesoramento de traballo de rúa a vítimas de trata de seres humanos.

### **Entidades beneficiarias**

Poden ser destinatarias das subvencións reguladas na convocatoria as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais; carezan de ánimo de lucro e teñan o seu domicilio social ou delegación en Galicia. O importe máximo de cada axuda será de 70.000 euros.

## A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA LEI DO SOLO CONTRIBUIRÁ A DINAMIZAR E FIXAR POBOACIÓN NO RURAL AO FACILITAR A CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

- *Os cambios que se introducen permiten establecer un novo réxime para as vivendas en solo rústico, a construción de vivendas para temporeiros e unha segunda vivenda familiar vinculada a unha explotación agraria*
- *O Consello da Xunta aproba o inicio da tramitación da modificación deste instrumento de planeamento para acadar unha norma máis clara, que siga a contribuír e garantir a protección territorial e o desenvolvemento urbanístico sustentable*
- *Esta modificación segue apostando pola defensa e respecto do solo rústico, sen perder de vista a súa dimensión como solo produtivo, co fin de mellorar as condicións de vida e de traballo so sector agrogandeiro, de importancia vital para o mantemento dun medio rural vivo e con futuro*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda impulsa unha modificación do Regulamento da Lei do solo para dinamizar a fixación de poboación no medio rural galego, ao facilitar o apoio á construción e rehabilitación de vivendas en solo rústico e rural. O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se modifica Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; co fin de dispoñer dunha norma máis clara, que siga contribuíndo a garantir a protección territorial e o desenvolvemento urbanístico sustentable.

Galicia é unha comunidade eminentemente rural, polo que se fai unha aposta decidida por revitalizar o rural e mellorar a calidade de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros galegos para seguir tendo un sector agroalimentario forte e creador de emprego e de riqueza.

Nese sentido, unha boa parte das modificacións sobre o Regulamento concéntrase no réxime de usos no solo rústico, polo que grazas aos cambios que se introducen se establece un novo réxime para as vivendas en solo rústico, a construción de vivendas para temporeiros e dunha segunda vivenda familiar vinculada a unha explotación agraria.

A recuperación do patrimonio construído é unha das asignaturas pendente do Goberno galego, polo que hai unha firme aposta pola rehabilitación das construcións tradicionais existentes en calquera categoría de solo rústico ou en núcleo rural, cunha dupla finalidade: evitar a dispersión edificatoria e, en consecuencia, o feísmo, así como acadar una dotación eficiente de servizos no territorio; e recuperar e poñer en valor a

riqueza de patrimonio construído no rural, que doutro xeito, se perdería para sempre, e con el unha parte importante da historia e da memoria, é dicir, do soporte da identidade e da esencia como país.

Con este obxectivo, facilitarase a reconstrución, rehabilitación e ampliación das edificacións tradicionais existentes en solo de núcleo ou de solo rústico, nas cales se pode desenvolver máis dun uso na mesma edificación; polo que se deberá xustificar a necesidade de ampliar en volume independente, pero non para ampliar en si.

Así, aínda que o uso residencial en solo rústico é un uso prohibido con carácter xeral; esta modificación completa a regulación do suposto excepcional de vivendas vinculadas a explotacións agropecuarias. Nese sentido, permítese vivendas para temporeiros cando o ciclo dos produtos esixa, periodicamente, o traballo coordinado de persoas que a oferta laboral local non pode atender; fóra de temporada, poderán destinarse a outros usos admitidos en solo rústico. Tamén se permitirán vivendas para persoas que exerzan tarefas de vixilancia, asistencia, xestión ou control derivadas ou esixidas polas características da explotación; e por razóns xustificadas (dimensión, e características da explotación) autorizarase unha nova construción destinada a vivenda, aínda que exista unha vivenda familiar asociada á mesma explotación.

Así mesmo, poténciase o turismo en solo rústico, especialmente o relacionado cos camiños de Santiago, concretando o concepto de albergues turísticos vinculados á rede dos Camiños de Santiago, estendéndose aos que se localicen nun ámbito con declaración de ben de interese cultural, nos contornos de protección e zona de amortecemento dos camiños que contén cunha delimitación aprobada definitivamente conforme co procedemento específico e os que estean na franxa de 30 metros dos Camiños non delimitados.

### **Modificacións de carácter administrativo**

Esta ferramenta que agora avanza cara ao seu período de audiencia pública tamén introduce unha serie de cambios a nivel administrativo e de planeamento urbanístico; pois recolle e clarifica o ámbito de aplicación do Plan básico autonómico, en vigor desde outubro deste ano, que será de aplicación directa nos concellos que non contan cun instrumento de planeamento xeral (PXOM, normas complementarias e subsidiarias de planeamento municipais ou Proxecto de ordenación do medio rural....) e de aplicación complementaria, nos que contén cun instrumento de planeamento xeral, co fin de suplir as posibles indeterminacións e lagoas.

Tamén se adecúa a normativa vixente ás titulacións requiridas para o exercicio de determinadas funcións, substituíndo as referencias ás antigas licenciaturas polas equivalentes titulacións universitarias ao abeiro dos novos plans educativos. Esta

actualización aplícase aos representantes da Comisión Superior de Urbanismo, da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e do Xurado de Expropiación de Galicia, e aos integrantes dos equipos que formulan os instrumentos de planeamento urbanístico.

No caso concreto da Comisión Superior de Urbanismo, tamén se mellora a súa regulación, e prevese a posibilidade de delegación dalgún dos seus membros e modificando o seu réxime de constitución e adopción de acordos, ao establecer a posibilidade dunha segunda convocatoria, que ata agora non estaba prevista.

### **Xustificación da modificacións**

A Lei do solo constitúe unha regulación de mínimos que persegue acadar o marco de estabilidade que debe presidir a regulación urbanística na nosa Comunidade autónoma; mentres que o regulamento que a desenvolve constitúe un instrumento vivo e dinámico.

A experiencia acumulada durante a súa aplicación pon de manifesto algunhas insuficiencias e dificultades interpretativas por parte dos seus aplicadores, que mostran a necesidade de incorporar unha serie de modificacións para proceder á súa actualización e mellora.

O obxectivo é emendar aspectos que se detectaron durante a súa vixencia e que revelaron a necesidade de concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación.

Ademais, como consecuencia das modificacións realizadas na Lei do solo, é necesario trasladar as ditas innovacións legislativas ao regulamento, coa finalidade de que siga a contribuindo a garantir a protección territorial e o desenvolvemento urbanístico sustentable, apostando pola defensa e respecto do solo rústico.

## **A XUNTA DE GALICIA RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE BAHIA PARA A PROMOCIÓN EXTERIOR DO GALEGO**

- *A Consellería de Cultura e Turismo destina 12.000 euros a este acordo, que busca darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Centro de Estudos da Língua e Cultura Galegas*
- *A través desta colaboración tamén se destina un lector de galego á universidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade Federal da Bahia (Brasil) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

No marco deste acordo, a universidade asinante dará continuidade ás actividades para o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Centro de Estudos da Língua e Cultura Galegas. Ademais, impulsaranse actividades relacionadas coa investigación, coa promoción e coa difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. O convenio recolle tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar estas accións; así como o acollemento do lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará na organización das ditas actividades.

Pola súa banda, a Consellería comprométese a colaborar coa Universidade prestando a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia, darlle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades previstas e será quen destine á Universidade un lector/a de lingua, literatura e cultura galegas.

O convenio entrará en vixencia desde a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021 e contará cun investimento máximo de 12.000 euros.

### **Antecedentes**

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á



---

difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Para alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

## **A XUNTA INCREMENTA AS CONTÍAS DA RISGA E ABRE A POSIBILIDADE DE COMPAXINALA CON INGRESOS LABORAIS NO NOVO DECRETO**

- *Elimínase o requisito do desemprego para acceder a esta prestación e introdúcese dous novos tramos, o de inserción e o de transición á vida laboral*
- *Compútanse unicamente os ingresos que realmente se cobren*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia para o seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia. A norma introduce importantes melloras na renda de inclusión social (Risga) que afectan tanto o seu alcance como a súa intensidade e que están suxeitas a que a persoa perceptora faga esforzos reais por atopar un traballo. Destes cambios beneficiaranse os máis de 9.900 galegas e galegos que hoxe en día reciben esta achega económica.

Unha das novidades máis significativas da nova Risga é a posibilidade de compatibilizar esta percepción cos ingresos de traballo, coa finalidade de que aceptar un emprego non supoña unha perda de ingresos con respecto á renda social. Deste xeito, estar en situación de desemprego deixa de ser un requisito para acceder a esta axuda.

A segunda gran novidade que recolle o decreto é a creación de dous novos tramos, que se suman ao persoal e familiar. Estes son o de inserción e o de transición ao emprego. O primeiro consiste nun complemento do 35% do Iprem (188 euros) durante un máximo de doce meses, prorrogable por outros seis. Poderán acceder a este tramo de inserción as persoas que superen un diagnóstico de empregabilidade, as cales deberán subscribir un convenio de inclusión sociolaboral no que se comprometan, por exemplo, a mellorar a súa formación ou facer prácticas laborais non remuneradas.

O segundo tramo de nova creación, o de transición ao emprego, é un incentivo que se concederá ás persoas perceptoras que atopen un traballo. Así, durante o primeiro mes poderán cobrar ata un 35% máis que o salario mínimo interprofesional. Esta contía irá descendendo progresivamente, ata deixar de percibir a Risga ao finalizar o semestre.

Coa eliminación da condición do desemprego e a introdución destes dous novos tramos, a Risga convértese nunha auténtica ferramenta para a inserción laboral, na liña das recomendacións que fai a Comisión Europea. Ademais, mellórase a coordinación entre os servizos sociais e os servizos de emprego, que deberán traballar xuntos en cuestións como o seguimento do convenio de inclusión que se necesita para acceder ao tramo de inserción.

---

Outra das novidades do novo decreto é que á hora de calcular se unha persoa ten dereito a percibir a Risga computaranse unicamente os ingresos que efectivamente se cobren, non aqueles aos que se ten dereito pero que non se están a facer efectivos.

Así mesmo, o decreto hoxe aprobado permite compatibilizar a Risga con outras axudas de inclusión extraordinarias para a compra de alimentación, roupa e enxoval doméstico, sempre que se acredite a necesidade destes produtos porque a persoa teña unha intolerancia alimentaria, discapacidade ou unha patoloxía crónica ou minoritaria.

### **Tramitación**

Unha vez que conta co visto e praxe do Consello da Xunta, o texto remitirase de seguido ao Consello Consultivo de Galicia, que deberá emitir ditame antes da súa aprobación definitiva.

Trátase dun documento participado que recolle achegas das entidades sociais que traballan no eido da inclusión. De feito, ademais dos prazos de consulta previa e de información pública obrigados, concedeuse un prazo adicional de 15 días na fase intermedia da tramitación e notificouse individualmente ás entidades máis representativas deste ámbito.

Ademais, o pasado martes o decreto someteuse ao ditame do Consello Galego de Benestar Social, o que supuxo unha terceira oportunidade para que fosen escoitados todos os axentes sociais.

## MEDIO RURAL DESTINA MÁIS DE 7,5 MILLÓNS DE EUROS EN 2019 PARA AS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO GANDEIRO E OUTROS CONTROIS NO RURAL

- *Perséguese manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras, así como o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades, limpeza de vehículos e loita contra a velutina*
- *Galicia está declarada como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina, cabrúa e bovina, mentres que a provincia de Pontevedra foi declarada esta mesma semana oficialmente indemne de tuberculose bovina*
- *O esforzo continuado dos gandeiros galegos e as medidas desenvolvidas pola Xunta fixeron que as explotacións da nosa Comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel*

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 7,5 millóns de euros ao longo do ano 2019 ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de manter a boa cualificación sanitaria das explotacións gandeiras da nosa comunidade.

Estes fondos destinaranse a sufragar o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se detectan animais enfermos e dos vehículos de transporte das reses. Tamén se financiará o plan de control da vespa velutina.

O desenvolvemento destes programas nacionais de erradicación ten como finalidade asegurar o mantemento do estado sanitario de Galicia, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, e así poder establecer unha comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.

Ademais, tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina, cabrúa e bovina, o obxectivo agora é acadar a mesma declaración, canto antes, para a tuberculose bovina. Neste contexto, a Xunta vén traballando arreo e, de feito, acaban de declarar este martes, 11 de decembro, a provincia de Pontevedra como oficialmente indemne de tuberculose bovina.

Neste senso, os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado e mesmo noutros países europeos.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS PARA REPARAR OS DANOS CAUSADOS POLOS ASOLAGAMENTOS NO CONCELLO DE VIVEIRO**

- *As extraordinarias chuvias rexistradas na tarde-noite do 18 de novembro obrigaron a acometer actuacións de urxencia nos ríos e nas estradas para previr os riscos de novas inundacións*
- *Augas de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas actuaron coa máxima premura retirando os restos dos ríos e das estradas e ofrecendo a colaboración necesaria ao Concello de Viveiro*

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á declaración de emerxencia das obras necesarias para reparar os danos causados nas estradas e nos ríos polos asolagamentos rexistrados no termo municipal de Viveiro o pasado 18 de novembro e que supoñen un investimento autonómico de máis de 123.000 euros.

As adversas condicións meteorolóxicas ocorridas na tarde-noite do pasado 18 de novembro provocaron o desbordamento do río Xunqueira e do rego de Trasposta no concello de Viveiro. O elevado aumento do caudal causado polas extraordinarias precipitacións arrincou árbores e infraestruturas e arrastrounas xunto con pedras e outros obxectos que motivaron a diminución da capacidade hidráulica. Así, ademais de propiciar as inundacións rexistradas, aumentaron notablemente o risco de novos asolagamentos.

Tendo en conta a situación excepcional de grave perigo que se produciu, sendo o barrio de Xunqueira o máis afectado, cunha veciña falecida e varias vivendas afectadas, a Xunta púxose á disposición do Concello de Viveiro e considerou necesario adoptar medidas de actuación hidráulica extraordinarias e de urxente necesidade.

Augas de Galicia procedeu a actuar coa máxima premura, xa na mañá do 19 de novembro coa execución dos traballos necesarios de retirada de sedimentos e arrastres, acondicionamento e limpeza do leito e das súas zonas de protección, do rego da Cova e do rego da Trasposta, co obxecto de solucionar e paliar os problemas xurdidos e restablecer o fluxo da auga a través dos regatos existentes e evitar os riscos asociados a novas precipitacións.

Eses traballos continúan desenvolvéndose na actualidade de forma coordinada coas tarefas de limpeza que lle corresponde acometer ao Concello de Viveiro como responsable da conservación do treito urbano dos ríos.

---

Así mesmo, como consecuencia desas fortes chuvias rexistradas, producíronse inundacións en varios puntos quilométricos das estradas autonómicas LU-862 e LU-540 no termo municipal de Viveiro, que provocaron arrastres de terras e lodos e ocasionaron perdas de capacidade na rede de sumidoiros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe tamén a declaración de emerxencia dos traballos desenvolvidos desde o mesmo día das chuvias co fin de asegurar que os elementos do sistema de sumidoiros estean ao máximo da súa capacidade hidráulica para evacuar sen problema a auga procedente da chuvia.

Eses traballos consisten fundamentalmente na limpeza da rede de sumidoiros das estradas e traslados dos residuos procedentes da limpeza á planta autorizada para a súa xestión e tratamento.

Ademais, a Axencia Galega de Infraestruturas ofreceu desde o primeiro momento a súa colaboración ao Concello de Viveiro para acometer tarefas de limpeza nas vías municipais afectadas polas fortes chuvias.

## A XUNTA MANTERÁ ABERTA EN 2019 A CONVOCATORIA DO BONO ELÉCTRICO GALEGO QUE GARANTE A SUBMINISTRACIÓN NOS FOGARES CON MÁIS DIFICULTADES

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa o Consello da Xunta desta orde de apoios dirixida aos consumidores que máis o necesitan para que poidan pagar a factura da luz*
- *A contía das axudas incrementábase en 50 euros, alcanzando os 400 para as familias numerosas, e os beneficiarios da Risga que autoricen a súa consulta non terán que presentar un novo informe social*
- *O prazo de solicitudes abrirase en xaneiro e conta cun orzamento de 1,3M€, ampliable no caso de que sexa necesario*
- *Preto de 1200 familias xa se beneficiaron destas axudas autonómicas que completan o bono social estatal ao cubrir o 50% do recibo e garanten un acceso continuado a esta necesidade básica*

A Xunta renova o seu compromiso coas familias máis vulnerables e, en 2019, contará de novo con axudas complementarias ao bono social do Estado e evitar, así, os cortes de subministración eléctrica nos fogares galegos. A través desta orde xa se aprobaron este ano preto de 1200 solicitudes.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convocará esta liña de apoios que se dirixen a consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social. En concreto, os destinatarios son persoas residentes en Galicia e titulares dun servizo de subministración eléctrica que teñan contratada a tarifa de último recurso e sexan consumidores vulnerables severos (por tanto beneficiarios do bono social estatal cun 40% de desconto) e estean en risco de exclusión social, termo que deberá ser acreditado mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais. Unha das novidades deste ano é que os beneficiarios da Risga que autoricen a súa consulta non terán que presentar un novo informe.

Os apoios, que se outorgarán por concorrencia non competitiva a todos cantos cumpran os requisitos, serán dun 50% da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante e terán unha contía máxima anual de 300 ou 450 euros -no caso de familias numerosas-. Este ano incrementáronse en 50 euros estas axudas para compensar o aumento nos límites de consumo permitidos pola regulación estatal. Esta cantidade, unida ás axudas estatais, permitirá que as familias con máis dificultades non teñan que pagar pola súa factura eléctrica, garantindo, deste xeito, o acceso continuado á subministración nos fogares máis vulnerables e dando resposta a unha necesidade básica dos cidadáns, pois non se lles poderá cortar o servizo mentres sexan beneficiarios desta axuda.

Para facilitar o acceso a estas axudas, as persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes tanto de xeito presencial como telemático. Por iso, ademais de habilitarse oficinas nas catro xefaturas territoriais, en Santiago de Compostela e en Vigo, poderanse presentar no rexistro do concello no cal o solicitante teña o seu domicilio.

Como mostra do compromiso coa axilidade deste procedemento, establécese un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata a súa resolución, polo que unha vez que se comprobe que se cumpren os requisitos, realizarase o pagamento por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria directamente aos comercializadores de referencia cos que se teña asinado un protocolo de colaboración. Este pagamento realizarase de xeito mensual, segundo se vaian remitindo as facturas.

A Xunta destina 1,3 millóns de euros á nova convocatoria, orzamento que será ampliado no caso de ser necesario. O prazo de presentación estará aberto desde o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), previsto no mes de xaneiro.

Con esta liña de axudas, adaptada á actual normativa estatal, a Xunta segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas. Asegúrase, así, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo, xa que a normativa estatal establece que os puntos de subministración deste tipo de beneficiarios serán considerados esenciais e, polo tanto, non se lles poderá cortar sempre e cando exista o oportuno convenio entre a Administración autonómica e as comercializadoras.

Galicia xa foi pioneira nesta liña de axudas o ano pasado. Ademais, o bono eléctrico galego dá continuidade a outras iniciativas que estiveron vixentes desde o ano 2014 ata a entrada en vigor desta nova orde en 2018, como o tícket eléctrico ou as axudas para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas natural.

Neste primeira edición, preto de 1200 familias xa se teñen beneficiado do bono eléctrico galego. Desde o ano 2014, o número de beneficiarios das axudas postas en marcha pola Xunta ascende a máis de 14.000.



## A XUNTA IMPULSA O EMPREGO LOCAL CON 22,3M € PARA APOIAR O MANTENIMENTO OU A CREACIÓN DE 2150 POSTOS DE TRABALLO

- *A Administración autonómica convocará por anticipado de gasto catro liñas de axudas dirixidas principalmente aos concellos galegos para a contratación en 2019 de persoas desempregadas co fin de incrementar as súas oportunidades laborais*
- *Aprol Rural promoverá o traballo no medio rural de 600 galegos cun orzamento de 7M €, que se centrarán na realización de tarefas relacionadas coa prevención de incendios*
- *Na concesión de axudas deste programa terán prioridade os concellos fusionados e que tamén sexan emprendedores*
- *Os apoios para empregar perceptores da Risga suman 7,7M € e diríxense a apoiar na Administración local 700 contratos cunha duración de 9 meses, dous meses máis que en 2018, estimándose unha axuda media por contrato de preto de 11.000 €*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 1,5M € para a contratación de 600 desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, e a axuda destínase principalmente á contratación de socorristas*
- *O cuarto programa refírese ao mantemento ou contratación de 251 orientadores laborais en concellos e entidades sen ánimo de lucro*

A Xunta de Galicia investirá en 2019 máis de 22,3 millóns de euros para apoiar o mantemento ou a creación de 2150 postos de traballo no ámbito local. O Consello da Xunta informou hoxe de catro liñas de axudas que a Consellería de Economía, Emprego e Industria convocará como anticipado de gasto co obxectivo de incrementar as oportunidades laborais das persoas desempregadas. O obxectivo destes programas é a mellora da empregabilidade das persoas participantes, que teñen que estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG). Con esta iniciativa, polo tanto, ofréceselles aos participantes unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral que redunde na súa empregabilidade.

Os apoios dirixidos aos concellos galegos para a contratación de perceptores da renda de integración social de Galicia (Risga) inclúen un orzamento de 7,7 millóns de euros para empregar a 700 persoas en situación ou risco de exclusión social. Como novidade para 2019, a duración dos contratos amplíase de 7 a 9 meses. Estímase un importe medio da axuda por contrato de preto de 11.000 euros fronte aos 8900 euros concedidos na convocatoria deste ano. Para a resolución das axudas terase en conta o número de persoas desempregadas e a evolución do paro rexistrado no período 2014-2018, así como a evolución da poboación neste mesmo período e o número de persoas perceptoras da Risga de cada concello en 31 de decembro de 2018.

O segundo dos programas está dirixido tamén aos concellos, neste caso, para a contratación de desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, uns apoios que as administracións locais destinan fundamentalmente á contratación de socorristas. Investiranse 1,5 millóns de euros para apoiar o traballo de 600 desempregados.

### **Aprol Rural**

Aprol Rural é a terceira liña de axudas á que a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 7 millóns de euros para a contratación de 600 persoas. Estes apoios están dirixidos aos concellos rurais de Galicia para apoiar a realización de tarefas relacionadas principalmente coa prevención de incendios. Nesta convocatoria, como novidade, elimínanse os límites para as contratacións que terán que centrarse en traballos vinculados coa planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa. As mulleres e os menores de 30 anos seguirán tendo preferencia na convocatoria destas axudas.

Na concesión das axudas terán prioridade os concellos fusionados e que tamén sexan concellos emprendedores. A contía media que se estima que se concederá por contrato é de máis de 11.660 euros.

### **Orientadores**

Por último, o cuarto programa de que se informou hoxe no Consello da Xunta refírese ao mantemento e contratación de orientadores laborais no ámbito local (concellos e confederacións e asociacións empresariais e sindicais) e nas entidades sen ánimo de lucro especializadas na atención a persoas con capacidades diferentes e en risco de exclusión social.

A Xunta prevé a creación ou mantemento de 251 empregos a través dun investimento de 6,1 millóns de euros. Os contratos terán unha duración dun ano. A Administración autonómica financia estes empregos cunha contía máxima de 25.000 euros por cada técnico en orientación laboral contratado a tempo completo, que será de 28.000 euros cando o contrato se desenvolva nunha entidade sen ánimo de lucro que realice actividades de atención a persoas con capacidades diferentes.

Os orientadores laborais ofrecen ás persoas sen emprego servizos destinados a mellorar a súa ocupabilidade. Con este programa foméntase tamén o impulso do emprego inclusivo. A Rede galega de orientadores laborais, formada por preto de 500 persoas, atende de media máis de 80.000 desempregados.

Estas liñas de axudas forman parte da Axenda 20 coa que o Goberno galego está impulsando en Galicia a creación de emprego de calidade. A evolución anual marca

---

unha mellora, xa que hoxe en día tres de cada catro asalariados galegos son indefinidos e nove de cada dez están contratados a xornada completa.